

Avda. Ambulatorio, s/n (Edif. Antigo Centro Médico)
Telf: 981 70 40 48 Fax: 981 70 47 80
15100 CARBALLO (A Coruña)



ACTA DÁ ASAMBLEA ORDINARIA DÁ ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE PROTECCION CIVIL DE A CORUÑA

En Carballo a 20 de Xaneiro de 2017 sendo as 19:00 horas, en primeira convocatoria sen acadar quorum, e as 19:30 horas en segunda convocatoria presentáronse 18 asociadas e 29 votos delegados doutras tantas asociadas.

Orde do día:

1. Lectura e aprobación se procede da acta da Asamblea anterior.

A secretaria da lectura a Acta da Asamblea anterior que é aprobada por unanimidade.

2. Informe de Tesorería.

O tesorero presenta as contas do ano 2016, explicando a Asamblea as cantidades que reflexan os ingresos e os gastos.

O informe de tesorería e aprobado por unanimidade.

3. Informe de Presidencia.

O Sr. Presidente da conta ós asistentes das actividades levadas a cabo no ano 2016 pola Asociación, as reunións mantidas con diferentes organismos e institucións públicas, Actividades Formativas realizadas, etc.

Informa os presentes que dende a súa toma de posesión a Xunta Directiva que preside reunese como mínimo una vez o mes para tratar temas de importancia para as asociadas.

Da conta da reunión mantida o xoves 19 de xaneiro 2017 na Xefatura Territorial, na que se tratou a formación do primeiro semestre do ano en cursos. Comentalo manifestado polo Xefe Provincial asemade dos posibles cursos a realizar, que casi coinciden cos do ano pasado, para consensuar entre ambas as partes as sedes de dita formación, xa que a Xefatura tamén lle solicitan cursos cando realiza visitas as Agrupacións.

Exponse o posicionamento desta Asociación, en relación a como propoñer as Sedes en función das que no seu día se posicionaron como tal, amais de ter en conta a demanda de alumnos que nos transmitiron as Agrupacións/Asociacións. Para recabar a información necesaria, esta entidade consultou cas Agrupacións/Asociacións da Provincia.

Consensuase ca Xefatura territorial a solicitude á Agasp de tres (3) Cursos Básicos para Voluntarios de Protección Civil, dous (2) de Prevención de Incendios urbanos e

Forestais e dous (2) de Accidentes en estradas. Pola nosa banda, propónse nesta reunión a externalización dos Cursos de Busqueda de Persoas desaparecidas e os Cursos de Iniciación e Reciclaxe de D.E.S.A.

Exponse tamén o posicionamento de non saturar a formación en fins de semana consecutivos e sen descanso, entendemos que é máis productivo realizar a formación só os sábados, aínda que se espacie no tempo o seu remate.

O Sr. Presidente informa da reunión mantida entre os catro Presidentes das Asociacións e Federación Provinciais o pasado 3 de xaneiro na que se debatiu sobre a formación e a problemática común nesta materia, así como doutros temas de interés que atañen as Agrupacións/Asociacións galegas. Asemade nesta xuntanza decidese o nomeamento do representante dos Voluntarios de Protección Civil no Consello Galego que recaerá sobre o Presidente da Asociación Provincial de A Coruña. Esta representación será rotatoria anualmente. Igualmente decidese o representante que asistirá a Mesa Galega do Voluntariado que neste caso recaerá sobre o representante da provincia de Pontevedra, igualmente será rotatorio anualmente.

Desta reunión levantouse Acta que firmaron todos os Presidentes e que se achegou a Dirección xeral ca solicitude de reunión co Director Xeral para dar conta no que nela se reflexa.

O Sr. Presidente recorda que haberá un Acto de entrega de Recoñecementos, Honras e Condecoracións organizado pola ANAV PROTECCION CIVIL ESPAÑA o vindeiro 25 de Marzo e insta as Agrupacións/Asociacións a que participen nel.

O informe de presidencia aprobase por unanimidade.

4. Rogos e Preguntas

O representante de Padrón insta a Presidencia a que transmita a Agasp o inconvinte de avisar os voluntarios para asistir os cursos de formación con menos de 24 horas de adianto, e de que a súa solicitude de petición para ser sede de cursos e alumnos que piden asistir os mesmos non nos chegou por problemas informáticos e que se tome nota do seu posicionamento o respecto, cuestión aprobada no acto.

O representante de Mazaricos pregunta sobre a problemática de asegurar a voluntarios de máis de 65 anos na Póliza de Accidentes, transmíteselle que estase negociando a modificación das condicións da Poliza.

Sen máis asuntos que tratar se levanta a sesión, sendo as 20:30 horas